

O LIBRO DE RAROS SABERES

Galardoado na terceira edición do Premio de Narrativa Breve Repsol, o escritor coruñés X.L. Martínez Pereiro, fortalece a súa traxectoria singular con esta peza na que afonda, se cadra cunha modulación máis abeirada á sentenza aforística e á narración mínima, nalgúns dos trazos que sosteñen a súa produción en prosa, acaroadada sempre a unha visión humorística e irónica da realidade, á sinxeleza expositiva, á brevidade, á erudición libresca, apócrifa ou real, e ao erotismo en moitas ocasións.

Máis de corenta relatos breves compoñen un volume alicerzado na verdade como asunto narrativo, asumida desde un posicionamento que convida ao equívoco e que nunca desvela se o que se conta é resultado dunha fértil imaxinación ou hai algo máis. Deste xeito, as historias que se presentan, sometidas a un proceso de mestizaxe e a un particular hibridismo, introdúcennos nun universo de raros saberes, nun xogo de espellos que abala entre o verosímil e o exercicio de ficción, ao que se lle dá forma quer a través de microrrelatos quer doutros textos de maiores dimensións, nos que sobresaie a querenza pola cultura francesa e italiana e que, asemade, son quen de captar axiña a atención a través do uso dunha voz narrativa moi elaborada.

En algures o autor sinalou que el facía literatura menxevique, segundo el, literatura para minorías. Ao meu ver este volume foxe, ou debería fuxir dese encadramento, e por extensión esixe que esta e outras obras anteriores da súa autoría se consideren como unha das achegas narrativas contemporáneas máis orixinais e fieis a uns sólidos principios creativos.

Recensión coa cualificación de tres asteriscos (moi bo)
publicada por RAMÓN NICOLÁS na páxina 11 do
Suplemento Cultura(s) de *La Voz de Galicia*, sábado,
14 de febreiro de 2009, sobre os 45 relatos que habitan
A verdade como mal menor (Ed. Galaxia).